

ACTA Nº 32/10

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 9 DE AGOSTO DE 2010

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Valentín Piñeiro González.
D. Arturo González Pérez.
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.
D. Daniel Rodas Chapela
D.^a Libertad Cruz Couso

Secretario: Carlos Piñeiro Sarmiento

Na casa do Concello de Moaña, o 9 de agosto de 2010, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 13:30 horas, en priTirán convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 13:35 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local número 26/10 do 29 de xuño de 2010.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobala.

2.- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓNS APROBADAS POR AVOCACIÓN.

Dáse conta que na resolución nº 394/10, do 3 de agosto, a Alcaldía avocou a competencia delegada á Xunta de Goberno co obxecto de dar de alta a un socio no servizo da ludoteca municipal.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

3.- LICENZAS DE OBRAS

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira

ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

3.A) EXPTE. 105/10 – D. EUGENIO GAYO CARBALLO presenta proxecto básico e execución de vivenda unifamiliar no barrio do Piñeiro, redactado polo arquitecto D. Gumersindo Vázquez Gómez, visado o 18.06.10.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 3 de agosto de 2010, que literalmente di:

**ASUNTO: BASICO E DE EXECUCIÓN DE V. UNIFAMILIAR (O. MAIOR)
INFORME TÉCNICO. Procede licenza por resultar compatible coa normativa urbanística.**

Proxecto básico e de execución

No expediente consta a acta de replanteo para o sinalamento da alineación, fixación de cesións e fianza subscrita polo arquitecto tecnico municipal con data de 8 de xullo de 2010 para ordenanzas 2 das NN. SS de planeamento municipal.

Non require informes sectoriais.

Cédense 22,05M/2, resultado de aplicar a afección do sistema viario sobre a parcela co obxecto de incorporalo a este.

Constitúese fianza por un importe 263,08 euros, contía que responde os gastos de urbanización simultánea a acometer polo peticionario.

Superficie da parcela ascende a 263,08 euros.

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

A eficacia desta licenza condiciónase a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea en prazo; para recibir estas ultimas polo Concello e facultar a conexión coas infraestruturas correspondentes levaranse a cabo obtendo a licenza de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas para o informe xurídico:

A presente licenza aplícaselle o disposto na Lei 9/2002, disposición transitoria primeira 1.b) por ser solo urbano con planeamento aprobado ao abeiro da Lei 11/1985, polo tanto, non adaptado a Lei 1/1997 por reunir as condicións do artigo 12.a) da Lei 9/2002 para a condición de soar.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	2.428,88 €
Taxas licenza urbanística	303,61 €
Cartel	110,00 €
Saneamento	180,00 €

3.B) EXPTE. 112/10 – A COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO FRAGATA LEALTAD Nº 8 presenta estudo técnico de reposición de materiais en cuberta de edificio existente na rúa Fragata Lealtad, nº 8, do barrio do Real, redactado polo arquitecto técnico D. José Miguel Correa Pazos, visado o 30.11.2009.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 29 de xullo de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: ESTUDO TÉCNICO PARA A CONSERVACIÓN (OBRA MAIOR)

INFORME: Procede licenza das obras de conservación e ornato definids na documentación técnica presentada.

Non precisa informes sectoriais.

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na simple substitución de planchas de fibrocemento da cuberta e limpeza de canalóns, ornato e conservación das fachadas e selado de carpintería exterior coa preservación do uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	226,80 €
Taxas licenza urbanística	65,00 €
Cartel	110,00 €

3.C) EXPTE. 78/10 – D^a LUCÍA SOLIÑO GERMADE presenta proxecto de substitución de cuberta e conservación de vivenda unifamiliar no barrio de Ameixoadá, 92 – San Martiño, redactado polo arquitecto técnico D. José Buceta Amoedo, visado na data 23.10.2007.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 5 de agosto de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA E CONSERVACIÓN DE VIVENDA.

INFORME TÉCNICO: Procede licenza por resultar compatible coa normativa urbanística.

Proxecto básico. Non poderá construírse en tanto non se presente proxecto de execución.

No expediente consta sendas acta de replanteo para o sinalamento da alineación, fixación de cesións e fianza suscrita polo arquitecto técnico municipal con datas de 8 de xullo de 2010 para solo urbano de ordenanza 1 das NN. SS de planeamento municipal.

Require informes sectoriais.

No expediente consta autorización da Deputación Provincial a cuxas condicións debe someterse.

Substitución de cuberta. Atendendo as definicións do Capítulo IV relativas as normas de habitabilidade para vivendas obxecto de actuacións de rehabilitación ou ampliacións en edificación e vivendas existentes, as obras de conservación para a reparación de cuberta quedan clasificadas polo Artigo 8º.A.1 como obras de adecuación estrutural para o Decreto 29/2010 do 4 de marzo polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia; de acordo co Artigo 10º do referido decreto, a este tipo de obras non lles será esixibles o cumprimento das normas NHV-2010. As demais obras de conservación – substitución de carpintería interior e repintado interior e de fachadas non son obxecto de encaixe nos distintos apartados do referido decreto.

Cédense 7,50 M/2, resultado de aplicar a afección do sistema viario sobre a parcela co obxecto de incorporalo a este.

Constitúese fianza por un importe 150,00 euros, contía que responde os gastos de urbanización simultánea a acometer polo peticionario.

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

A eficacia desta licenza condiciónase a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea en prazo; para recibir estas últimas polo Concello e facultar a conexión coas infraestruturas correspondentes levaranse a cabo obtendo a licenza de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas para o informe xurídico:

A presente licenza aplicaselle o disposto na Lei 9/2002, disposición transitoria primeira 1.b) por ser solo urbano con planeamento aprobado ao abeiro da Lei 11/1985, polo tanto, non adaptado a Lei 1/1997 por reunir as condicións do artigo 12.a) da Lei 9/2002 para a condición de soar.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	336,23 €
Taxas licenza urbanística	65,00 €
Cartel	110,00 €

3.D) EXPTE. 132/10 – D. JOSÉ RODRÍGUEZ COSQUE presenta proxecto para limpeza de fachadas (chorreo) e encintado dunha vivenda xa existente en Fontes nº 136, Tirán, redactado polo arquitecto D. José Manuel Pastoriza Rodas, visado o día 02/08/2010.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 3 de agosto de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: PROXECTO DE CONSERVACIÓN (OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licenza das obras de conservación definidas en proxecto.**

Precisa informes sectoriais.

No expediente consta autorización do Servizo de Infraestruturas do Departamento Territorial de Pontevedra da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Edificación en situación de fóra de ordenación.

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na simple conservación da fachadas mediante limpeza con chorreo de augas e encintado de xuntas.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	87,89 €
Taxas licenza urbanística	65,00 €
Cartel	110,00 €

3.E) EXPTE. 124/10 – D. FERNANDO SANTIAGO DEL RÍO presenta estudo técnico para reposición de tella en cuberta de vivenda unifamiliar xa existente situada na Ribeira nº 209, Meira, de acordo co proxecto presentado, redactado pola arquitecta técnica D.ª Elisa Pérez Rodríguez, visado o 23 de xullo de 2010.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 3 de agosto de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: PROXECTO DE CONSERVACIÓN (OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licenza das obras de conservación definidas en proxecto.**

Precisa informes sectoriais.

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na simple conservación da cuberta co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais conforme se define na memoria construtiva do proxecto; preservárase o uso preexistente.

O expediente conta con estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	67,77 €
Taxas licenza urbanística	65,00 €
Cartel	110,00 €

3.F) EXPTE. 55/10 – PROMOCIONES PEYMOURO, S.L. presenta proxecto básico para construír 4 vivendas unifamiliares adosadas en fileira, no barrio de Broullón, linante coa estrada provincial de Moaña a Marín, redactado polo arquitecto D. Juan Zaballa Malcorra, visado o 27.11.2008.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 4 de agosto de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: BASICO PARA A PROMOCIÓN EN FILEIRA DE CATRO VIVENDAS UNIFAMILIARES.

INFORME TÉCNICO: **Procede licenza por resultar compatible coa normativa urbanística.**

Proxecto básico. Non poderá construírse en tanto non se presente proxecto de execución Sométese a licenza a reforma do proxecto inicial, reforma que se adapta o Decreto 39/2010, de 4 de marzo de 2010 polo que se aproba as normas de habitabilidade de vivenda de Galicia; visado do COAG de 06/07/2010.

No expediente consta acta de replanteo para o sinalamento da alineación, fixación de cesións e fianza suscrita polo arquitecto tecnico municipal con data de 28 de xullo de 2010 para ordenanza 2 das NN. SS de planeamento municipal.

Require informes sectoriais.

No expediente consta informe do Servicio de Infraestruturas do Departamento Territorial de Pontevedra da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas, outorgase autorización de peche completamente diáfano e liña de edificación a 8,50 e 13,0 metros do eixo, respectivamente.

Cédense 277,34 M/2, resultado de aplicar a afección do sistema viario sobre a parcela co obxecto de incorporalo a este.

Constitúese fianza por un importe 2773,40 euros, cuantía que responde os gastos de urbanización simultánea a acometer polo peticionario.

A superficie da parcela ascende a 1406,50 M/2.

A parcela libre de edificación estará ao servizo común da promoción. Sobre a planta de soto nas partes privativas de cada vivenda constituiranse as servidumes correspondentes de acceso.

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

A eficacia desta licenza condiciónase a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea en prazo; para recibir estas últimas polo Concello e facultar a conexión coas infraestruturas correspondentes levaranse a cabo obtendo a licenza de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas para o informe xurídico:

A presente licenza aplicaselle o disposto na Lei 9/2002, disposición transitoria primeira 1.b) por ser solo urbano con planeamento aprobado ao abeiro da Lei 11/1985, polo tanto, non adaptado a Lei 1/1997 por reunir as condicións do artigo 12.a) da Lei 9/2002 para a condición de soar

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	11.735,58 €
Taxas licenza urbanística	1.466,95 €
Cartel	110,00 €
Conexión saneamento	720,00 €

4.- OBRAS MENORES

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos señores asistentes, acorda conceder as licenzas de obras menores, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia suxeición ós condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tralo pagamento das taxas correspondentes.

4.A) EXPTE. 122/10 – D.^a ISABEL CURRÁS TRIGO presenta memoria para un muro de cerramento a base de bloques de formigón cunha altura de 0,40 m sobre os que colocará malla metálica e tubos circulares metálicos, cunha altura de 1,40 m. A lonxitude total é de 94,80 ml no lugar de Couso (Fontedama).

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 5 de agosto de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: PECHE (O. MENOR)
INFORME: **Procede licenza.**

Non require informes sectoriais.

A teor do disposto nos Artigos 42.1.c) e 104 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e de protección do medio rural de Galicia o cerramento será de 1,00 metros máximo de altura, nos primeiros 0,40 metros de bloques estarán revestidos e pintados, malla nos 0,60 metros restantes; en función do solo rústico no cal se enclava.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	72,80 €
Taxas licenza urbanística	65,00 €

4.B) EXPTE. 113/10 – D.^a JOSÉ MANUEL VILLAR MÉNDEZ solicita licenza municipal para obras de construción de muro de peche de 15,00 ml e 1,00 m de alto, e un portal metálico de 3,90 ml, a vía pública, a base de pedra de perpiaño país apiconado sobre cimentación de formigón, sito no barrio de Couso-Meira, de conformidade coa documentación presentada.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 5 de agosto de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: PECHE (O. MENOR)

INFORME: **Procede licenza.**

Non require informes sectoriais.

A teor do disposto nos artigos 42.1.c) e 104 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia o cerramento será de 1,00 metros máximo de altura coas características constitutivas que se especifica na memoria; en función do solo rústico no cal se enclava.

Retranqueará catro metros do eixo do camiño.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción 12,62 €

Taxas licenza urbanística 65,00 €

4.C) EXPTE. 110/10 – D.^a M^a CONCEPCIÓN MALVIDO RIVAS solicita licenza municipal para a reparación e conservación un peche existente na vía pública, de 12,20 ml de lonxitude e 1,50 ml de altura. Superficie total de reparación 18,30 m², no barrio de Vilela nº 6, Tirán, e de conformidade co croquis e documentación presentada. Orzamento das obras 782,00 euros.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 5 de agosto de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: REPARACIÓN E CONSERVACIÓN DE PECHE (O. MENOR)

INFORME: **Procede licenza.**

Require informes sectoriais.

A execución da obra deberá someterse aos criterios da autorización do Servizo de Infraestruturas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas obrante no expediente.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción 21,90 €

Taxas licenza urbanística 65,00 €

4.D) EXPTE. 116/10 – D.^a ANA ISABEL SOTELO OUTEIRAL solicita a construción dun muro de peche con 4 portais: 3 uds. de 3,00 ml de largo e un de 1,00 m por 2,00 ml de alto (156,40 m²) a vía pública (camino baixada ao camping de Tirán), base de pedra abuxardada asentada a oso sobre unha cimentación de formigón, no barrio do Igrexario-Tirán, de conformidade coa documentación presentada. Orzamento das obras: 4.882,00 euros. Superficie: 156,40 m² (78,20 x 2,00).

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 26 de xullo de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: CERRAMENTO. (OBRA MENOR)

INFORME: **Procede licenza.**

Non require informes sectoriais.

Altura máxima a partir da rasante non superará os dous metros.

A alineación do cerramento está practicada en función da acta de replanteo do expediente de obras nº 26/10; no mesmo consta escritura pública de cesión de sobrantes de parcela afectada por vía pública.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción 136,70 €

Taxas licenza urbanística 65,00 €

4.E) EXPTE. 119/10 – A COMUNIDADE DE PROPIETARIOS R/ CONCEPCIÓN ARENAL Nº 170, representada por D. José López Vilgueira, presenta proxecto básico e de execución para reforma de portal no edificio de vivendas xa existente na rúa Concepción Arenal nº 170, Moaña, redactado polo arquitecto D. Miguel López Álvarez, visado o 7 de xullo de 2010.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 28 de xullo de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: REFORMA DE PORTAL (OBRA MENOR)

INFORME: **Procede licenza.**

Non require informes sectoriais.

A actuación sométese aos criterios de reforma definidos no artigo 40º do Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, que se xustifica no proxecto.

Preséntase a proposta según sentenza do Xulgado de 1ª Instancia nº 1 de Vigo en execución de títulos xudiciais 973/09.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción 446,74 €

Taxas licenza urbanística 65,00 €

4.F) EXPTE. 89/10 – D. RUBÉN ANTEPAZO MIRANDA solicita a construción de muro de peche, cun portal de entrada de 3,50 ml de 22,58 ml por 2,00 m de alto (45,16 m2) a vía pública (estrada prov. de Moaña a Coiro), a base de pedra de perpiaño e balaustre. OUtro de 36,38 ml por 2,00 m. de alto (72,76 m2) a lindantes, a base de bloques de formigón cara vista; e un terceiro de 30,59 ml (61,18 m2) a lindantes, a base de cimentación de formigón, bloques cara vista, postes e tela metálica, a situar no barrio do Casal – San Martiño, de conformidade coa documentación presentada.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 26 de xullo de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: CERRAMENTO. (OBRA MENOR)

INFORME: **Procede licenza.**

Require informes sectoriais.

No expediente consta autorización da Deputación Provincial.

Altura máxima a partir da rasante non superará os dous metros.

A alineación do cerramento faráse de xeito que cumpra coa determinada no sistema viario das NN. SS de planeamento municipal, 2,0 metros dande a arista exterior da zona de dominio público respectando en todo caso 6,30 metros medidos dende o eixo da estrada.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción 106,39 €

Taxas licenza urbanística 65,00 €

4.G) EXPTE. 110/09 – D. FRANCISCO JAVIER RODRÍGUEZ COSTAS presenta solicitude para peche lateral, a base de bloques prefabricados, cunha lonxitude de 20 m lineais e 2 m de alto sobre muro de pedra existente da parcela sita no lugar de Ameixoadá, núm. 89 – Moaña. Orzamento: 841,60 €.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 29 de xullo de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: PECHE (O. MENOR)

INFORME: **Procede licenza de acordo coa documentación técnica presentada.**

Require informes sectoriais.

No expediente consta autorización da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo para a construción do muro de cerre tendo en conta o baseamento existente o muro será de bloques revestidos ou pintados para darlle uniformidade ao conxunto. No caso de que se efectuasen movementos de terra, será necesario dun control arqueolóxico.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción 23,56 €

Taxas licenza urbanística 65,00 €

5.- LICENZAS DE APERTURA

5.A) EXPTE. 26/08 – MONTAXES LEIRÓS, S.L., representado por D. Ángel Ramón Oliveira Leirós, solicita mediante instancia de entrada no rexistro do Concello o día 2 de xullo de 2008, licenza de apertura de local destinado a oficina na rúa Ave do Mar, nº 14-15, 1º.

Visto o informe do aparelador municipal do 3 de agosto de 2010 que literalmente di:

APERTURA DE ACTIVIDADE NON CLASIFICADA CON OBRAS DESTINADA OFICINA

INFORME: Procede licencia de apertura para establecemento destiñado a oficina a favor de Montaxes Leirós, S.L.

Actividade suxeita a licenza de apertura a tenor do determinado no Artigo 22 Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

Licenza de obras e actividade para o expediente 176/2008 outorgada en sesión da Xunta de Goberno Local.

A ordenación de usos determina a súa compatibilidade.

A licenza urbanística de uso e obras outórgase definitivamente mediante unha única resolución simultánea coa licenza de actividade (artigo 196.2 da Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, reformada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro); a licenza de apertura unha vez incorporados ao expediente, con tramitación en peza separada para esta actividade non clasificada, do certificado final de obras do facultativo director das mesmas aos efectos de verificación que os locais e instalacións reúnen as condicións do proxecto, así como a Acta de Comprobación asinada polo Arquitecto Técnico Municipal e Inspector de Obras que queda adxunta ao expediente).

Vista a acta de comprobación asinada polo arquitecto técnico municipal e polo inspector de obras de data 22 de xullo de 2010, que literalmente di:

Aos efectos da ulterior licenza municipal de apertura e posta en funcionamento da actividade non clasificada destinada a **OFICINA** cuxo titular resulta ser **MONTAXES LEIRÓS, S.L.** a cal declara a execución das obras de acordo coa licenza (Expediente 176/2008), o Arquitecto Técnico Municipal e o Inspector de Obras corroboran a adecuación do local levantando a presente Acta de Comprobación.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza municipal de apertura 250 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a **MONTAXES LEIRÓS, S.L.**, licenza de apertura para establecemento comercial destinado a OFICINA no local situado na rúa Ave do do Mar, 14-15, 1º, ao ser conforme á ordenación urbanística aplicable, debendo axustarse no seu exercicio ás condicións, limitacións e medidas correctoras establecidas polos servizos técnicos, de conformidade co disposto no artigo 9 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955.

5.B) EXPTE. 48/06 – D. DANIEL FILGUEIRA CRESPO e Dª ANA Mª VERDE VEIGA, solicitan mediante instancia de entrada no rexistro do Concello o día 13 de decembro de 2006, licenza de apertura de local destinado a ACADEMIA-OFICINA, no local D da planta 1ª do número 26 do Plan Parcial Rosal-Sur.

Visto o informe do aparelador municipal do 3 de agosto de 2010 que literalmente di:

APERTURA DE ACTIVIDADE NON CLASIFICADA CON OBRAS DESTINADA A ACADEMIA-OFICINA

INFORME: Procede licenza de apertura para establecemento destinado a academia-oficina a favor de Daniel Filgueira Crespo e Ana Mª Verde Veiga.

Actividade suxeita a licenza de apertura a teor do determinado no Artigo 22 Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

Licenza de obras e actividade para o expediente 201/2006 outorgada en sesión da Xunta de Goberno Local.

A ordenación de usos determina a súa compatibilidade.

A licenza urbanística de uso e obras outórgase definitivamente mediante unha única resolución simultánea coa licenza de actividade (Artigo 196.2 da Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, reformada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro); a licenza de apertura unha vez incorporados ao expediente, con tramitación en peza separada para esta actividade non clasificada, do certificado final de obras do facultativo director das mesmas aos efectos de verificación que os locais e instalacións reúnen as condicións do proxecto, así como a Acta de Comprobación asinada polo Arquitecto Técnico Municipal e Inspector de Obras que queda adxunta ao expediente.

Vista a acta de comprobación asinada polo arquitecto técnico municipal e polo inspector de obras de data 22 de xullo de 2010, que literalmente di:

Aos efectos da ulterior licenza municipal de apertura e posta en funcionamento da actividade non clasificada destinada a **ACADEMIA OFICINA** cuxo titular resulta ser **D. DANIEL FILGUEIRA CRESPO e D^a ANA MARÍA VERDE VEIGA**, a cal declara a execución das obras de acordo coa licenza de actividade (Expediente 201/2006), o Arquitecto Técnico Municipal e o Inspector de Obras corroboran a adecuación do local levantando a presente Acta de Comprobación.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza municipal de apertura 350 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a **D. DANIEL FILGUEIRA CRESPO e a D.^a ANA MARÍA VERDE VEIGA**, licenza de apertura para establecemento comercial destinado a **ACADEMIA OFICINA** no local situado no Plan Parcial O Rosal Sur, Pol. 1, Parcela 26, planta 1, local D, ao ser conforme á ordenación urbanística aplicable, debendo axustarse no seu exercicio ás condicións, limitacións e medidas correctoras establecidas polos servizos técnicos, de conformidade co disposto no artigo 9 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955.

5.C) EXPTE. 12/02 – D.^a ANA BELÉN LÓPEZ PIÑEIRO solicita mediante instancia de entrada no rexistro do Concello o día 10 de maio de 2002, licenza de apertura de local destinado a **PERRUQUERÍA DE DONAS E CABALEIROS**, na rúa D. Donato Bernárdez Sotelo, s/n, planta comercial 2^a do barrio de Redondo.

Visto o informe do aparelador municipal do 3 de agosto de 2010 que literalmente di:

APERTURA DE ACTIVIDADE NON CLASIFICADA CON OBRAS DESTINADA
PERRUQUERÍA DE DONAS E CABALEIROS

INFORME: Procedo licenza de apertura para establecemento destiñado a perruquería de donas e cabaleiros a favor de Ana Belén López Piñeiro.

Actividade suxeita a licenza de apertura a tenor do determinado no Artigo 22 Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
Licenza de obras e actividade para o expediente 92/2002 outorgada en sesión da Xunta de Goberno Local.

A ordenación de usos determina a súa compatibilidade.

A licenza urbanística de uso e obras outórgase definitivamente mediante unha única resolución dimultánea coa licenza de actividade (artigo 196.2 da Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, reformada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro); a licenza de apertura unha vez incorporados ao expediente, con tramitación en peza separada para esta actividade non clasificada, do certificado final de obras do facultativo director das mesmas aos efectos de verificación que os locais e instalacións reúnen as condicións do proxecto, así como a Acta de Comprobación asinada polo Arquitecto Técnico Municipal e Inspector de Obras que queda adxunta ao expediente

Vista a acta de comprobación asinada polo arquitecto técnico municipal e polo inspector de obras de data 22 de xullo de 2010, que literalmente di:

Aos efectos da ulterior licenza municipal de apertura e posta en funcionamento da actividade non clasificada destinada a **PERRUQUERÍA** cuxo titular resulta ser **Dna. Ana Belén López Piñeiro**, a cal declara a execución das obras de acordo coa licenza de actividade (Expediente 92/2002), o Arquitecto Técnico Municipal e o Inspector de Obras corroboran a adecuación do local levantando a presente Acta de Comprobación.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza municipal de apertura 250 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a **D^a ANA BELÉN LÓPEZ PIÑEIRO**, licenza de apertura para establecemento comercial destinado a **PERRUQUERÍA DE DONAS E CABALEIROS** no local situado na rúa Donato Bernárdez Sotelo, s/n, planta comercial 2^a, local 2, ao ser conforme á ordenación urbanística aplicable, debendo axustarse no seu exercicio ás condicións, limitacións e medidas correctoras establecidas polos servizos técnicos, de conformidade co disposto no artigo 9 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955.

6.- OUTROS ESCRITOS E LICENZAS

6.A) PROXECTO DE EXECUCIÓN DE D. ENRIQUE RÚA VERDEAL

Vista a solicitude de D. ENRIQUE RÚA VERDEAL na que presenta proxecto de execución de Reforma e ampliación da edificación existente na rúa Moureira, 181, visado o 28 de xullo de 2010, correspondente ao expediente nº 180/2009,

Dáse conta do informe do aparellador municipal do 3 de agosto de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: PRESENTACIÓN PROXECTO DE EXECUCIÓN

Tómase en coñecemento aos efectos oportunos da presentación do proxecto de execución relativo ao expediente 180/09 ordeándose o seu arquivo en conxunto co inicial proxecto básico polo cal se lle otorgou a licenza.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda **aprobar o informe do aparelador municipal e ordenar o arquivo do proxecto de execución conxuntamente con básico aprobado en EXPTE. OBRA N° 180/2009.**

6.B) SOLICITUDE DE PRÓRROGA

D. José Luis Álvarez Souto, como administrador de PROMOCIONES SOUTO Y GONZÁLEZ, S.L., por escrito con entrada o día 9 de xullo de 2010, expón que na sesión da Xunta de Goberno do 20.07.2007 obtivo licenza para un edificio de tres sotos para garaxes, planta baixa, planta 1ª para locais e tres plantas para vivenda, cuxas obras debían concluírse no prazo de 3 anos. Manifesta a imposibilidade de terminar as obras en prazo e solicita prórroga.

Visto o informe do aparelador municipal do 23 de xullo de 2010, que di:

Ante a petición formulada por José Luis Alvarez Souto, en calidade de administrador da entidade mercantil **Promociones Souto y Gonzalez, S.L.** titular dunha licenza para o expediente 43/07 concedida en Xunta de Goberno Local de 16 de xullo de 2007 para un Proxecto de execución de un edificio de tres sotos para garaxes, planta baixa comercial, planta 1ª para locais e tres plantas para 16 vivendas a tenor do disposto no apartado 2 do Artigo 197 da Lei 9/2002 de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia **procede conceder prórroga dos prazos outorgados na licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior o inicialmente acordado.**

Liquidación provisoria de tributos

Prórroga licenza 43/07 35,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, unha vez pagadas as taxas correspondentes, acorda conceder a prórroga solicitada nos termos recollidos no informe do aparelador municipal.

6.C) REMISIÓN DE INFORME

Visto o oficio remitido pola Xunta de Galicia, XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA, con entrada neste Concello o día 12 de xullo de 2010, no que solicita *condicionado* relacionado coa tramitación da instalación eléctrica denominada LMT, CT OS PIÑEIRO, nº de expediente IN407A 2010/192-4, solicitada por UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A. para o que achega separata do proxecto,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 27 de xullo de 2010, que literalmente di:

Ante o requirimento efectuado pola Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria, con rexistro de saída 99158 de 8/07/2010 relativa a solicitude da instalación LMT, CT OS

PIÑEIROS promovida por Unión Fenosa Distribución S.A cuxo nº de expediente resulta ser IN407A 2010/192-4, este Concello de Moaña non apón condicionado algún a instalación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistente acorda aprobar o informe elaborado polo aparelador municipal e **remitilo á Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria.**

7.- ARQUIVO PROVISIONAL DE EXPEDIENTE

EXPTE. 123/10 – D. JACOBO RÍOS CORTEGOSO presenta proxecto para o acondicionamento de local para ximnasio, que se vai situar na rúa Miguel Enriquez nº 36, O Real, redactado polo arquitecto D. José Blanco Casás e visado o 5 de xullo de 2010.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 4 de agosto de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: ADAPTACIÓN DE LOCAL PARA IMPLANTACIÓN DE ACTIVIDADE DE XIMNÁSIO (OBRA MAIOR).

INFORME

O apartado 3 do Artigo 22 do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais –Decreto de 17 de Xúño de 1955- especifica que con arreglo ao proxecto presentado, a edificación dun inmovible se destinará a establecemento de características determinadas, non se outorgará a licenza de obras sen o outorgamento da licenza de apertura se fose procedente.

Abondando na cuestión, o apartado 2 do Artigo 196 da lei 9/2002, reformada pola lei 15/2004 de Ordenación urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia nos supostos que esixan licenza de actividade ou apertura e, ademais, licenza urbanística, serán obxecto duna soa resolución, sen perxuício da formación e tramitación simultánea de pezas separadas de cada intervención administrativa.

A actividade de ximnasio queda incluída no Anexo nomenclator do Real Decreto 2816/1982, de 27 de agosto, polo que se aproba o Regulamento xeral de policía de espectáculos públicos e actividades recreativas, apartado 2, como espectáculo e actividades deportivas en locais e recintos.

Dado a existencia de informes sectoriais de outras administracións concorrentes – Consellería de Sanidade e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza- no espazo do expediente de actividade e sendo que a proposta de resolución da solicitude de licenza de actividade ou de apertura ten prioridade sobre a correspondente licenza urbanística, **proponse o arquivo provisional** deste expediente de obra en tanto non se remate o trámite da licenza de actividade

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	614,86 €
Taxas licenza urbanística	65,00 €
Cartel	110,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e á vista do informe do técnico municipal, acorda **o arquivo provisional do expediente nº 123/10 en tanto non se remate o trámite da licenza de apertura.**

8.- RENOVACIÓN DE ARRENDAMIENTO DE LOCAL CON DESTINO AO CLUBE DE XUBILADOS SANTA EULALIA DE MEIRA

Vista a proposta da Alcaldía do mes de xullo, que textualmente di:

PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RENOVACIÓN DE ARRENDAMIENTO DE LOCAL CON DESTINO AO CLUBE DE XUBILADOS SANTA EULALIA DE MEIRA

Con data 2 de marzo de 2005 o Concello de Moaña subscribiu un contrato de arrendamento dun local no nº 3 da rúa Os Barreiros (Meira), para uso do Clube de Xubilados Santa Eulalia.

Segundo a cláusula 2ª de dito contrato, o arrendamento tería unha vixencia de cinco anos, sen lugar a prórroga, fixándose como data de remate o día 20 de abril de 2010.

Nestes momentos mantéñense as circunstancias que aconsellaron o arrendamento do local, pois o Concello segue sen contar con instalacións propias onde ubicar o Clube de Xubilados, nin existen na zona outros locais que poidan cubrir a finalidade para a que se prevé o arrendamento. Por outra parte, o actual local foi xa acondicionado para cubrir as necesidades previstas e un eventual cambio implicaría novos gastos para o Concello.

A propiedade, formada polos irmáns Aurora Pidre Cobas (D.N.I. 35.189.424-E e domicilio en A Gándara nº 110); José Pidre Cobas (D.N.I. 35.924.526 e domicilio en Broullón, nº 6); Teresa Pidre Cobas (D.N.I. 76.831.342-A e domicilio na rúa Miguel Enríquez, nº 32); María Pidre Cobas (D.N.I. 78.730.880-V e domicilio en Fontes, nº 233) e Consuelo Pidre Cobas (D.N.I. 35.272.507 e domicilio en A Xunqueira nº 24), consenten en asinar novo contrato de arrendamento, previa actualización do prezo, que se fíxa en 782,16 €/mes (SETECENTOS OITENTA E DOUS EUROS CON DEZASEIS CÉNTIMOS DE EURO), ao que se engadirá o I.V.E. correspondente e do que se deducirán as retencións legais. As condicións de arrendamento figuran no modelo de contrato que acompaña esta proposta.

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1.- Aprobado o arrendamento do local nº 3 da rúa Os Barreiros (Meira) con destino a local do Clube de Xubilados Santa Eulalia de Meira, de acordo coas condicións que figuran no modelo de contrato que acompaña esta proposta, por un período de DEZASEIS MESES, a contar desde o 1 de setembro de 2010 ata o 31 de decembro de 2011 e polo prezo de 782,16 €/mes (SETECENTOS OITENTA E DOUS EUROS CON DEZASEIS CÉNTIMOS DE EURO), I.V.E. non incluído.

2.- Autorizar e dispoñer o gasto por importe de 3.691,80 € correspondentes ao ano 2010, con cargo á partida orzamentaria 2310.202.00. O cumprimento do contrato conleva a obriga de consignar nos orzamentos municipais do ano 2011 crédito por importe 11.075,40 € para este arrendamento. Será condición suspensiva do contrato a non consignación do crédito suficiente e adecuado.

3.-Autorizar ao alcalde a sinatura de cantos documentos sexan necesarios para a formalización do arrendamento.

Visto o informe do interventor municipal do 6 de agosto de 2010, no que emite informe de reparo porque os arrendadores constitúense para relacionarse coa administración nunha comunidade de bens, porque se destinará ao uso privativo dun clube de xubilados, e pola contratación directa do local,

Vista a existencia de crédito dispoñible suficiente para a imputación do gasto ao ano 2010,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:
Primeiro: Resolver os reparos da Intervención municipal, por canto a finalidade do arrendamento –a atención ás persoas maiores- forma parte dos servizos a prestar polas entidades locais; o uso do local non é privativo, beneficiando directamente a un amplo colectivo de veciños; o contrato asínase con persoas físicas e as razóns da contratación directa están suficientemente xustificadas na proposta.

Segundo: Aprobar a proposta nos seus xustos termos.

9.- SOLICITUDE DE ANTICIPO REINTEGRABLE

D. Xurxo X. Casal Blanco, funcionario do Concello, solicita un anticipo reintegrable de dúas mensualidades. Ademais achega un documento polo que, no caso de que llo concedan e de que se extingue a súa relación co Concello, autoriza a que lle deduzan os haberes pendentes da liquidación.

Visto o informe do Departamento de Persoal no que recolle que o funcionario non ten ningún anticipo reintegrable concedido nin pendente de pago,

Visto que o comité de persoal laboral dá o seu visto e praxe á solicitude,

Visto o informe favorable do interventor do 5 de agosto de 2010,

Vista a proposta do delegado de persoal para a aprobación do concesión do anticipo solicitado,

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a D Xurxo X. Casal Blanco o anticipo reintegrable por importe de 1.739,59 euros, a devolver en 14 meses, con cargo á partida 9200.83090.

10.- PROPOSTA DE GASTO

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o presuposto das obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a proposta de gasto que se detalla de seguido,

DEPARTAMENTO	CONCEPTO	PROVEDOR	PARTIDA	IMPORTE
DEPORTES	Gasoleo Beque	Gasoleos do Lárez, s.l.	3420-22103 RC 1163	438,96 €

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2010 acreditado pola retención de crédito que para ese gasto se efectuou na partida mencionada,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta de gasto, autorizando e comprometendo o gasto tal e como se reflicte na táboa.

11.- XV XUNTANZA DAS PERSOAS MAIORES 2010

Visto o informe-proposta da animadora sociocultural do 5 de agosto de 2010, conformada pola concelleira delegada, que di:

ASUNTO: XV XUNTANZA DAS PERSOAS MAIORES 2010

Como todos os anos, dende catorce anos, véñse a celebrar dende a Concellalía de Servizos Sociais, unha xuntanza dirixida ás persoas maiores do municipio de Moaña

Este ano celebrarase no **porto de domaio**

O obxectivo fundamental desta xuntanza é o de fomentar a convivencia e solidariedade entre os maiores.

O día da celebración é o vindeiro **domingo 22 de agosto**.

O presuposto para esta xuntanza, ascende á contía de **6.668,64 €** a imputar á partida presupostaría de servizos sociais **programa promoción social**. Este gasto queda desgrosado en:

- Instalación de megafonía e actuación musical 2.360,00€
(Salsalau)
- Carteis 338,66€
(Imprenta Rias baixas)
- Detalles Conmemorativos 307,98€

(Río da Ribeira Macbil, S.L)

- Material diverso 590,00€
Pratos, vasos, servilletas etc.
(ANA CASTELLANO)

- Alquiler carpa e cadeiras 2.242,00€
(C-E-Congresos e Exposicións, S.L)

- **Asociación Enredos**..... 160,00€
(encargados da distribución das persoas)

- **Benito García** 600,00€
(Encardado do traslado das persoas de Moaña
a Domaio (2 autocares)

- Merca de flores (Floristería Margarita)..... 70,00€
(librar a xustificar a Nome da Concelleira de servizos
Sociais **Libertad Cruz Couso**)

PROPOSTA:

1. Aprobar a celebración da XV Xuntanza das persoas maiores
2. Aprobar o presuposto total que ascende á contía de: **6.668,64€** a imputar á partida presupostaría de servizos sociais programa **promoción social**.
3. Librar o pagamento a xustificar de 70 euros á concelleira delegada para mercar flores.

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2010 acreditado pola retención de crédito para ese gasto que se efectuou na partida 2310 22620,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta de gasto, autorizando e comprometendo o gasto desta proposta da XV Xuntanza Persoas Maiores 2010, imputándoo a aplicación orzamentaria 2310 22620 RC 1164.

12.- AXUDAS EXTRASANITARIAS DE PERSOAL LABORAL

12.A) D.^a Bibiana Blanco Carballo, traballadora laboral temporal do Concello, solicita axuda extrasanitaria por importe de 185 euros para a adquisición dunhas gafas segundo o convenio de persoal laboral, e achega informe facultativo e factura por importe de 230 euros..

Visto o informe favorable do interventor do 5 de agosto de 2010, que cuantifica a axuda en 185 euros (100% do importe xustificado dos lentes -140 €- e o 50% do custe da montura -45 €),

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda o recoñecemento da obriga a favor de Bibiana Blanco Carballo, por importe de 185 euros, con cargo a partida 2210.16204 en concepto de axuda extrasanitaria.

12.B) D.^a Ángeles Cabeiro Dopico, traballadora laboral do Concello, solicita axuda extrasanitaria para gastos odontolóxicos segundo o convenio de persoal laboral, e achega informe facultativo e tres facturas por importe total de 150 euros, documentación requirida no artigo 25 do convenio.

Visto o informe favorable do interventor do 5 de agosto de 2010, para o recoñecemnto da obriga por importe de 150 euros a favor de dona Ángeles Cabeiro Dopico, en concepto de axuda extrasanitaria.

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda o recoñecemento da obriga a favor de Ángeles Cabeiro Dopico, por importe de 150 euros, con cargo a partida 2210.16204 en concepto de axuda extrasanitaria.

13.- AXUDA AO ESTUDO DE FILLO/A DUN TRABALLADOR LABORAL DO CONCELLO

Vista a solicitude para axuda ao estudo para o curso 2009/2010 presentada por D. PABLO RÚA SANTOMÉ, no que presenta a documentación acreditativa da matriculación do seu fillo en Educación Infantil, segundo o convenio colectivo do persoal laboral,

Visto o convenio colectivo do persoal laboral do Concello de Moaña, en concreto os puntos relativos ao seu ámbito de aplicación e ao fondo de acción social,

Visto o informe favorable do interventor do 5 de agosto de 2010 ao recoñecemento da obriga a favor de D.. Pablo Rúa Santomé en concepto de axuda para estudos por importe de 60,10 euros.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos integrantes asistentes, acorda aprobar a axuda solicitada, e recoñecer a obriga a favor de D. Pablo Rúa Santomé en concepto de axuda para estudos por importe de 60,10 euros, con cargo a partida orzamentaria **2210-16204 RC 1166.**

14.- XUSTIFICACIÓN FINAL COOPERACIÓN LOCAL 2009: ATENCIÓN BIBLIOTECAS E COMEDORES, AMPLIACIÓN ESPAZOS NATURAIS, AMPLIACIÓN ZONAS VERDES.

Visto o informe da técnica de emprego do 5 de agosto de 2010, sobre a xustificación da execución dos servizos “Atención bibliotecas e comedores escolares”, “Ampliación mantemento e rexeneración espazos naturais” e “Ampliación mantemento zonas verdes e espazos públicos” subvencionados pola Consellería de Traballo e Benestar dentro dos programas de cooperación local 2009 do Concello de Moaña.

Vista a proposta da Alcaldía do 6 de agosto de 2010, que textualmente di:

Rematados o pasado 10 de xuño de 2009 a execución dos servizos “Atención bibliotecas e comedores escolares”, “Ampliación mantemento e rexeneración espazos naturais” e “Ampliación mantemento zonas verdes e espazos públicos” subvencionados dentro dos programas de cooperación local 2009 do Concello de Moaña, e á vista do informe emitido pola axente de emprego, do contido nas resolucións de concesión de subvencións e do contido na Orde do 29 de decembro de 2008 da Consellería de Traballo, reguladora dos Programas de Cooperación para o ano 2009, faise necesario aprobar a xustificación- liquidación dos citados servizos para enviar xustificación final dos mesmos á Consellería de Traballo e Benestar.

Polo anterior

PROPOÑO:

1º) Aprobar a xustificación- liquidación dos servizos “Atención bibliotecas e comedores escolares”, “Ampliación mantemento e rexeneración espazos naturais” e “Ampliación mantemento zonas verdes e espazos públicos” subvencionados dentro dos programas de cooperación local 2009 do Concello de Moaña, de acordo cos seguintes datos:

Atención bibliotecas e comedores escolares.

SUBVENCIÓN PERCIBIDA SALARIOS + SEG. SOCIAL	CUSTOS EFECTUADOS SALARIOS + SEG. SOCIAL	DIFERENZA	CUSTOS NON SUBVENCIÓNABLES (Plus Extras + I. cese)	TOTAL CUSTOS PROXECTO
51.950,41	51.968,44	-18,03	729,26	52.697,70

Ampliación mantemento e rexeneración espazos naturais.

SUBVENCIÓN PERCIBIDA SALARIOS + SEG. SOCIAL	CUSTOS EFECTUADOS SALARIOS + SEG. SOCIAL	DIFERENZA	CUSTOS NON SUBVENCIÓNABLES (Plus Extras + I. cese)	TOTAL CUSTOS PROXECTO
10.081,80	10.145,19	-63,39	1.029,45	11.174,64

Ampliación zonas verdes e espazos públicos.

SUBVENCIÓN PERCIBIDA SALARIOS + SEG. SOCIAL	CUSTOS EFECTUADOS SALARIOS + SEG. SOCIAL	DIFERENZA	CUSTOS NON SUBVENCIÓNABLES (Plus Extras + I. cese)	TOTAL CUSTOS PROXECTO
10.081,80	10.145,19	-63,39	1.029,45	11.174,64

2º) Acordar que se remita á Consellería de Traballo e Benestar unha xustificación final reflectindo estes datos, tendo como data límite o 10 de agosto de 2009.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos.

15.- REXISTRO DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS - INSCRICIÓNS:

15.A) D. JOSÉ SARTAL VARELA solicita licenza para a tenza, para acompañamento, dunha cadela PIT BULL TERRIER, raza considerada como perigosa, de nome LÚA.

Visto que o solicitante achega toda a documentación requirida,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza solicitada para a tenza da cadela de raza considerada como perigosa, a súa inscrición no rexistro municipal e que se traslade o acordo ao Rexistro Galego de Animais Potencialmente Perigosos.

15.B) D. FELIPE GARCÍA GESTIDO solicita licenza para a tenza, para acompañamento, dunha cadela PIT BULL TERRIER, raza considerada como perigosa, de nome NOA.

Visto que o solicitante achega toda a documentación requirida,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza solicitada para a tenza da cadela de raza considerada como perigosa, a súa inscrición no rexistro municipal e que se traslade o acordo ao Rexistro Galego de Animais Potencialmente Perigosos.

16.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA “CONSERVACIÓN E REFORMA CENTRO CULTURAL ROSALÍA DE CASTRO”

En data 19 de xullo de 2010, a Xunta de Goberno acordou adxudicar provisoriamente o contrato de obra “Conservación e Reforma Centro Cultural Rosalía de Castro” á empresa JESÚS MARTÍNEZ ÁLVAREZ CONSTRUCCIONES S.A., polo prezo de CATROCENTOS SEIS MIL DOUSCENTOS CATRO EUROS E UN CÉNTIMO (406.204,01 euros). (344.240,69 euros + 61.963,32 euros de 18% de IVE), e un prazo de execución de seis meses.

Asemesmo se lle requiriu para no prazo de 10 días seguintes á notificación, presentase documento acreditativo de ter constituído a garantía definitiva por importe de 17.212,03 euros e documentación requirida no apartado 19 dos pregos, no caso de que non a presentase con anterioridade.

O acordo de adxudicación provisoria foi notificado ao adxudicatario en data 23 de xullo de 2010.

En data de 30 de xullo de 2010, o adxudicatario provisorio presenta seguro de caución na tesourería municipal por importe de 17.212,03 euros. Asemesmo presenta certificados de estar ao corrente nas obrigas tributarias e da Seguridade Social, recibo de pago do IAE.

Visto o informe da Intervención Municipal de data 9 de agosto de 2010.

De conformidade co previsto no artigo 20 dos pregos de cláusulas administrativas do contrato, a Xunta de Goberno por unanimidade dos presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Declarar válida a licitación e adxudicar definitivamente o contrato de obra “Conservación e Reforma Centro Cultural Rosalía de Castro” á empresa JESÚS MARTÍNEZ ÁLVAREZ CONSTRUCCIONES S.A., polo prezo de CATROCENTOS SEIS MIL DOUSCENTOS CATRO EUROS E UN CÉNTIMO (406.204,01 euros). (344.240,69 euros + 61.963,32 euros de 18% de IVE), e un prazo de execución de seis meses. Deberá aportar alta do IAE na cota que permita a execución do contrato no termo municipal de Moaña.

SEGUNDO.- Requirir do adxudicatario para que no prazo de dez días hábiles dende a notificación da adxudicación definitiva, se persone nas dependencias municipais para subscribir o documento administrativo de formalización do contrato, conforme ao modelo previsto, previo pago de gastos de anuncios da licitación por importe de 127,10 euros.

TERCEIRO.- Nomear como Director da obra ao abeiro do disposto no Decreto 1627/97 de 24 de outubro ao Arquitecto redactor do proxecto, D. Rodrigo Currás Torres.

CUARTO.- Nomear ao Concelleiro de Urbanismo, D. Valentín Piñeiro González responsable do contrato.

17.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO MEDIANTE MODALIDADE RENTING DUN VEHÍCULO PARA SERVIZO DA POLICÍA LOCAL

Examinado o expediente incoado, por providencia da Alcaldía de data 26 de maio deste ano, para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, de subministro mediante modalidade renting dun vehículo para servizo da Policía Local, e que conta cun importe de execución por contrata que ascende a CORENTA E NOVE MIL NOVECENTOS NOVENTA E SEIS EUROS E SESENTA CÉNTIMOS (48.971,52 €). (36.559,80 + 12.411,72 euros de IVE).

Visto o Prego de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexeir para a contratación por procedemento negociado sen publicidade e visto, tamén, o cadro de características do Contrato.

Visto os informes da Secretaría e da Intervención municipal.

Visto o Prego de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexeir para a contratación por mediante procedemento negociado sen publicidade, visto tamén, o cadro de características do Contrato.

A Xunta de Goberno por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO: Aproba-lo expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, para a contratación de subministro, por modalidade renting, dun

vehículo para servizo da Policía Local, e que conta cun importe de execución por contrata que ascende a CORENTA E OITO MIL NOVECENTOS SETENTA E UN EUROS E CINCOENTA E DOUS CÉNTIMOS (48.971,52 €). (41.501,29 + 7.470,23 euros de IVE), acordando introducir nos pregos as rectificacións derivadas do Informe da Intervención Municipal, respecto ao modelo e obrigas do Concello.

SEGUNDO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que haberan de rexe-la contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade.

TERCEIRO.- Remitir as invitacións para participar na licitación, ás seguintes empresas capacitadas para realizar o obxecto do contrato:

- TALLERES VEIGA S.L.
- IBERICAR SALFER S.L.
- BBVA.
- EMPRESA MONFORTE S.A.
- BANCO DE SANTANDER.

CUARTO.- Autorizar o gasto por importe de 48.971,52 euros con cargo á partida 1320.20400 do orzamento municipal do ano 2010.

QUINTO.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación.

18.- EXPLOTACIÓN DE SERVICIOS DE TEMPADA DO VERAN 2009 SERVICIO PROVINCIAL DE COSTAS

Dáse conta das liquidacións feitas polo Servizo Provincial de Costas dos servizos de tempada de verán do exercicio 2009, por importe de 6.420 euros, informase así mesmo que todas as instalacións autorizadas foron abonadas polos solicitantes téndose ingresado o mesmo importe de 6.420 euros.

O Interventor Municipal informa que é necesario un recoñecemento extraxudicial de crédito desta cantidade, por atoparse nun suposto indicado no apartado 3 da base 6 de execución do orzamento para o ano 2010

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos membros asistentes, acorda:

Resolver o reparo da Intervención Municipal por tratarse de ingresos recibidos en nome doutra Administración e para evitar enriquecemento inxusto do Concello.

Aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos pola cantidade de 6.420 euros o Servizo Provincial de Costas e se dé conta no Pleno.

Recoñecer a obriga por importe de 6.420 euros o SERVICIO PROVINCIAL DE COSTAS, en concepto de explotación servizo de tempada do ano 2009, con cargo a partida 9200-22500

19.- SERVICIO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

A vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as seguintes conexións:

	Servizo	Lugar	Taxas aboadas	Informe favorable
JESÚS COSTA TRIGO	Saneamento, uso doméstico	As Raiñas, 39 A - Moaña	D. saneamento..... 180 €	Aparellador mun. Aqualia

JULIO FERNÁNDEZ PAREDES	Saneamento, doméstico	uso	Ameixoadá, 83	D. saneamento..... 180 €	Aqualia Aparellador mun.
LAURO RODRÍGUEZ GARCÍA	Saneamento, doméstico	uso	Piñeiros, 24	Presenta factura de Espina & Delfin de agosto de 1998 pola acometida ao saneamento	Aqualia Aparellador mun.
PABLO PENA PENA	Saneamento, doméstico	uso	Xalde de Abaixo, 6 A	Presenta declaracións de 3 veciños conforme o propietario no tempo que se fixo a acometida, Manuel Pena Vázquez, pagara as cotas do enganche á rede de sumidoiros realizada polos veciños.	Aqualia Aparellador mun.
JOSÉ BENITO BLANCO IGLESIAS	Saneamento, doméstico	uso	Xalde de Abaixo, 8B	Presenta acordo do ano 94 no que se autoriza a conexión á rede de sumidoiros e recoñécenlle a achega económica feita.	Aqualia Aparellador mun.
JUAN MANUEL VIEITO FUENTES	Saneamento, doméstico	uso	Lourido, 69	Presenta factura de Espina & Delfin de marzo de 2002 pola acometida ao saneamento	Aqualia Aparellador mun.
ROSA MARÍA JUNCAL ENTENZA	Saneamento, doméstico	uso	Marrúa, 14 A	D. saneamento..... 180 €	Aqualia Aparellador mun.
LUIS ORTIZ TORRES	Saneamento, doméstico	uso	Verdeal, 36 A	D. saneamento..... 180 €	Aqualia Aparellador mun.
FELICIANO FERNÁNDEZ RÚA	Saneamento, doméstico	uso	Ameixoadá, 19	Presenta factura de Espina & Delfin de agosto de 1998 pola acometida ao saneamento	Aqualia Aparellador mun.
XALDE ELECTRICIDADE, S.L.	Saneamento, doméstico	uso	Ameixoadá, 12	Presenta factura de Espina & Delfin de agosto de 1998 pola acometida ao saneamento	Aqualia Aparellador mun.
ANTONIO GARCÍA MARTÍNEZ	Saneamento, doméstico	uso	Verdeal, 25 A	D. saneamento..... 180 €	Aqualia Aparellador mun.
JOSÉ LUIS MARTÍNEZ REGUEIRO	Saneamento, doméstico	uso	Reibón, 160 A	Presenta factura de Espina & Delfin de agosto de 2000 pola acometida ao saneamento	Aqualia Aparellador mun.
ANDRÉS RÍO BRAÑAS RÚA	Saneamento, doméstico	uso	Sabaceda, 46	D. saneamento..... 180 €	Aqualia Aparellador mun.
JOSÉ FRANCISCO TRIGO DÍAZ	Saneamento, doméstico	uso	Reibón, 159 B	D. saneamento.....390,66 €	Aqualia Aparellador mun.
JOSÉ SEVERINO JUNCAL MOLANES	Saneamento, doméstico	uso	Piñeiros, 6	Presenta factura de Espina & Delfin de setembro de 1998 pola acometida ao saneamento	Aqualia Aparellador mun.
BALBINO SANTOMÉ SANTOMÉ	Saneamento, doméstico	uso	Avda. Porta do Sol, 11- 1	D. saneamento.....180,00€	Aqualia Aparellador mun.
GUILLERMO FERNÁNDEZ RIOBÓ	Saneamento, doméstico	uso	Ameixoadá, 77	Presenta factura de Espina & Delfin de agosto de 1998 pola acometida ao saneamento	Aqualia Aparellador mun.

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 14:35 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario, DOU FE.